



# I TORNEO VILA DE CELANOVA



VALEDOIRO PARA O XIX CIRCUITO GALEGO DE PROMOCIÓN

## BASES DO TORNEO

**Data:** sábado, 29 de agosto de 2026

**Local de xogo:** Pavillón das Trigueirizas (Celanova)

### **Categorías:**

Sub-8 “Promesas”: nados nos anos 2018 e seguintes.

Sub-10 “Benxamíns”: nados nos anos 2016 e 2017.

Sub-12 “Alevíns”: nados nos anos 2014 e 2015.

Sub-14 “Infantís”: nados nos anos 2012 e 2013.

### **Sistema de xogo:**

Sistema suízo a 7 roldas, cun ritmo de xogo de 15 minutos de reflexión para cada xogador máis 5 segundos de incremento por xogada (poderá axustarse o número de roldas en función do número de participantes de cada categoría).

Empregarase o programa VEGA para os emparellamentos.

Aplicarase a normativa da FIDE para partidas de ritmo rápido sen supervisión axeitada (apéndices A4 e A5 das leis da FIDE).

### **Horario da competición:**

Confirmación dos listados: 10:30

Comezo das roldas: 11:00, 12:00, 13:00, 16:00, 17:00, 18:00, 19:00

Entrega de premios: 20:00

### **Inscricións:**

Inscricións en [https://docs.google.com/forms/d/1zq6DRqtxx9POIROkol\\_W12n6Fcm-DLZ-MGf3r\\_tys6E/viewform?edit\\_requested=true](https://docs.google.com/forms/d/1zq6DRqtxx9POIROkol_W12n6Fcm-DLZ-MGf3r_tys6E/viewform?edit_requested=true) ou enviando un mail ao correo electrónico: [torneoxadrezcelanova@gmail.com](mailto:torneoxadrezcelanova@gmail.com)

En dito correo deberán indicarse: nome e apelidos, clube, data de nacemento e código FIDE.

O prazo de inscricións rematará o día 26 de agosto ás 23:59 horas.

Todos os participantes deberán estar federados antes do inicio do torneo.

### **Participantes:**

O torneo terá un máximo de 200 participantes entre todas as categorías. Ademais, en cada categoría tamén existirá un límite máximo de 60 participantes. Os participantes serán admitidos por rigorosa orde de inscrición. Non se admitirán incorporacións pasada a data de inscrición, salvo erro na recepción dos datos.

A organización resérvase o dereito de admisión.

### **Desempates:**

O sistema de desempate será, pola seguinte orde:

- Enfrontamento particular (só aplicará en casos de empates nos que todos os xogadores implicados tivesen xogado entre eles).
- Variante brasileira do Bucholz (quitando a peor puntuación).
- Bucholz total.
- Progresivo ata as últimas consecuencias.

### **Solicitud de byes:**

Poderanse solicitar byes de 0 puntos antes do comezo da primeira rolda.

### **Xogadas ilegais:**

Á terceira xogada ilegal perderase a partida. Non se incrementará tempo por xogadas ilegais.

### **Comezo das partidas:**

Antes do comezo da primeira rolda publicarase a orde de forza ordeada polo ELO FIDE de rápidas. Se un xogador non tivera ELO de rápidas, o seu ELO de clásicas será considerado como o valor inicial do ELO FIDE de rápidas.

Á hora indicada para o inicio de cada rolda, poñeranse en marcha os reloxos dos participantes que teñan as pezas brancas. O tempo permitido de retraso é ata a caída da bandeira.

Un xogador que non compareza á súa partida sen causa xustificada será dado de baixa no torneo.

### **Desenvolvemento do torneo:**

Durante o torneo, as decisións do árbitro serán inapelables.

Se se introducise un resultado mal e se publica a rolda, esta non se modificará a non ser que o árbitro principal tome unha decisión distinta.

Non se permitirá analizar as partidas na sala de xogo.

Para o non especificado nestas bases aplicarase o regulamento FIDE vixente.

**Premios:**

Haberá trofeos para os cinco primeiros clasificados de cada categoría.

Para recoller o premio é imprescindible estar presente na cerimonia de clausura, salvo causa debidamente xustificada. Do contrario, pasará o turno sendo o seguinte clasificado o receptor do mesmo.

**Obsequios:**

Todos os participantes recibirán un recordo como símbolo de participación no torneo. Ademais ao finalizar o torneo realizarase un sorteo de diferentes agasallos entre os nenos e nenas que non obtiveron trofeo no evento.

**Aceptación:**

A solicitude de inscrición no torneo implica a aceptación destas bases.

Os participantes autorizan á organización do torneo á difusión de información ou á utilización de imaxes, do nome do equipo e/ou de xogadores e xogadoras nos medios de comunicación ou en publicidades e memorias da competición, sempre que non representen menoscabo da súa honra ou reputación, e sempre dentro do marco legal que se fixa no Código Civil, na Lei de Axuizamento Civil e na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

**Organizador do torneo:** Clube Xadrez Celanova

**Colaboran:** Concello de Celanova, Caixa Rural Galega

**Director do torneo:** Sindo Rodríguez Bernardo

**Arbitro principal:** Adrián González Maestro